

Instrución para regular a colaboración na docencia e na titorización ou cotitorización de TFG e TFM do persoal investigador e do persoal de administración e servizos da USC

O *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio á investigación*, aprobado polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2020 (DOG do 24 de novembro de 2020) establece as categorías profesionais do Persoal Investigador na USC no que diferencia tres subgrupos de conformidade cos criterios de formación, experiencia e responsabilidade. O *Acordo sobre colaboración na docencia do persoal investigador* aprobado polo Claustro Universitario do 2 de decembro de 2020 definiu o alcance da colaboración en tarefas docentes para as figuras que conforman a carreira investigadora na USC.

En función dos acordos anteriores, do *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016, e do *Regulamento de Planificación Académica da Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de decembro de 2019, configúrase o seguinte modelo de participación na docencia e na titorización ou cotitorización de Traballos Fin de Grao (TFG) e Fin de Máster (TFM).

1. Persoal investigador contratado a través de programas de recursos humanos

1.1. Persoal investigador predoutoral en formación

- a) Este persoal poderá colaborar en tarefas docentes (docencia interactiva de materias ordinarias de grao e máster e cotitorización de TFG e TFM) ata un máximo de 180 horas durante a extensión total do contrato predoutoral, e sen que en ningún caso se poidan superar as 60 horas anuais.
- b) As tarefas docentes a impartir, así como o límite máximo de horas da mesma, poderán reducirse ou ampliarse se así o dispón a correspondente convocatoria coa que se lle adxudicou o contrato.
- c) Este persoal figurará no POD do departamento que asigne a colaboración docente, e non computará na capacidade docente do mesmo.
- d) Certificaránselle as horas de docencia impartidas e a cotitorización dos traballos que corresponda.
- e) No proceso de adxudicación da docencia a este persoal, os departamentos terán en conta que a cotitorización de TFG e TFM debe incluírse no límite de horas que ten autorizado.

1.2. Persoal investigador con contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación

- a) Este persoal poderá colaborar en tarefas docentes (docencia expositiva e interactiva de materias ordinarias de grao e máster, prácticas externas, *prácticum* e titorización ou cotitorización de TFG e TFM) ata un máximo de 80 horas anuais ou, de ser o

caso, o máximo que estableza o programa de recursos humanos que financie o contrato, de conformidade coa normativa aplicable, e co sometemento á normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

- b) Este persoal figurará no POD do departamento que asigne a colaboración docente, computando tamén na súa capacidade, segundo o previsto na convocatoria correspondente.
- c) Certificaránselle as horas de docencia impartidas e a titorización ou cotitorización dos traballos que corresponda.
- d) No proceso de adxudicación da docencia a este persoal, os departamentos terán en conta que a titorización ou cotitorización de TFG e TFM debe incluírse no límite de horas que ten autorizado.

1.3. Persoal investigador distinguido

- a) Este persoal poderá colaborar en tarefas docentes (docencia expositiva e interactiva de materias ordinarias de grao e máster, prácticas externas, *prácticum* e titorización ou cotitorización de TFG e TFM) relacionadas coa investigación que desenvolvan, ata un máximo de 80 horas anuais, previo acordo do departamento implicado e do Consello de Goberno.
- b) Este persoal figurará no POD do departamento que asigne a colaboración docente, computando tamén na súa capacidade.
- c) Certificaránselle as horas de docencia impartidas e a titorización ou cotitorización dos traballos que corresponda.
- d) No proceso de adxudicación da docencia a este persoal, os departamentos terán en conta que a titorización ou cotitorización de TFG e TFM debe incluírse no límite de horas que ten autorizado.

2. Persoal con contrato de obra e servizo (capítulo VI)

2.1. Persoal investigador colaborador

- a) Aos efectos de colaboración na docencia, este persoal será considerado como profesional e poderá colaborar en tarefas docentes (cotitorización de TFG e TFM), sempre que a colaboración non afecte á súa actividade principal e posúa unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.
- b) Este persoal figurará unicamente no módulo de asignación de TFG e TFM, polo que non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.
- c) Certificaránselle a cotitorización dos traballos que corresponda.

2.2. Persoal investigador asociado

- a) Aos efectos de colaboración na docencia, este persoal será considerado como profesional e poderá colaborar en tarefas docentes (cotitorización de TFG, TFG, prácticas externas e *prácticum*) sempre que a colaboración non afecte á súa

actividade principal e posúa unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.

- b) Este persoal figurará unicamente no módulo de asignación de TFG e TFM, polo que non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.
- c) Certificaráselle a cotitorización dos traballos que corresponda.

2.2. Persoal técnico de apoio á investigación

- a) Aos efectos de colaboración na docencia, este persoal será considerado como profesional e poderá colaborar na cotitorización de TFG e TFM, sempre que a colaboración non afecte á súa actividade principal e posúa unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.
- b) Este persoal figurará unicamente no módulo de asignación de TFG e TFM, polo que non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.
- c) Certificaráselle a cotitorización dos traballos que corresponda.

3. Persoal de administración e servizos da USC

- a) Aos efectos de colaboración na docencia, este persoal será considerado como profesional e poderá colaborar na cotitorización de TFG e TFM, sempre que a colaboración non afecte á súa actividade principal, e posúa unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES.
- b) Este persoal figurará unicamente no módulo de asignación de TFG e TFM, polo que non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.
- c) Certificaráselle a cotitorización dos traballos que corresponda.
- d) Excepcionalmente, cando ademais dos requisitos anteriores, dispoña do correspondente recoñecemento de compatibilidade, poderá tamén participar nas restantes actividades docentes (docencia de materias ordinarias, prácticas externas, prácticum e titorización de TFG e TFM).
- e) O PAS mencionado no parágrafo anterior figurará no POD do departamento que lle asigne a docencia, e non computará na capacidade docente do departamento que corresponda.
- f) Ao persoal provisto de compatibilidade certificaráselle o número de horas que corresponda, ademais da titorización ou cotitorización dos traballos.

O Vicerreitor de Investigación e Innovación		A Vicerreitora de Organización Académica
Vicente Pérez Muñuzuri		María Celia Besteiro Rodríguez

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: VICENTE PEREZ MUÑUZURI, VICERREITOR DE INVESTIGACION E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/12/2021 15:32:09.

Asinante/Firmante/Signer: MARIA CELIA BESTEIRO RODRIGUEZ, VICERREITORA DE ORGANIZACION ACADEMICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/12/2021 14:12:10.

CSV: D8F9-CA80-41F6-978E